

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 05/01/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 05/01/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29 de decembro 2025, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/5128

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Centro Cultural e Deportivo Sixto, solicitando autorización para celebración dunha festa de Fin de ano, con Dj, no interior da sede social da Asociación Cultural e Deportiva do Sixto, o día 1 de xaneiro de 2026, en horario de 01:00 ata as 06:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/5129

Dáse conta do escrito presentado por D. Anxo Lua Areas, en representación de Confederación Intersindical Galega, para instalación de cartaces a modo de taboleiro publicitario en 10 farois da Rúa Ande, cara o Hospital Comarcal do Salnés, procedendo á súa retirada unha vez remate o conflito laboral do persoal de limpeza do Hospital Comarcal.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se permite a utilización de farolas, agás en campañas electorais, en virtude do disposto na Lei Electoral.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/5139

Dáse conta de proposta da Biblioteca Pública Municipal, na que se indica que as publicacións periódicas constitúen un dos materiais bibliográficos máis consultados nas bibliotecas públicas. A Biblioteca Central e as Axencias de Lectura do Concello de Vilagarcía de Arousa poñen a disposición dos usuarios unha serie de revistas e diarios para a súa consulta e préstamo.

Trátase de periódicos de tirada local, comarcal e nacional; revistas de diferentes temáticas; e publicacións periódicas dirixidas ós lectores máis cativos.

Con todo, faise necesaria a renovación das subscricións para continuar dando un servizo adecuado ós usuarios da Biblioteca Municipal e Axencias de Lectura. Estas renovacións vanse ir producindo ó longo do ano 2026, en función da data en que se fixo a contratación no seu día.

A renovación de ditas subscricións faranse a cargo do orzamento do ano 2026.

A continuación, faise unha relación das subscricións a publicacións periódicas que se ven afectadas por esta proposta, coa sinalización das cantidade facturadas por cada unha delas no ano 2025:

Anualidade	Aplicación	Importe	Expediente	TerceIro	Nome Ter.	Texto Libre
2026	2025 3321 22001	461,00 €	BIB/2025/18	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	SUBSCRIPCIÓN PARA INSTALACIÓNS BIBLIOTECA CENTRAL.
2026	2025 3321 22001	461,00 €	BIB/2025/18	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	SUBSCRIPCIÓN PARA AXENCIA LECTURA VILAXOAN
2026	2025 3321 22001	419,95 €	BIB/2025/18	A36600815	FARO DE VIGO SA	SUBSCRIPCIÓN PERIODICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL
2026	2025 3321 22001	419,95 €	BIB/2025/18	A36600815	FARO DE VIGO SA	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA AXENCIA LECT LECTURA CARRIL
2026	2025 3321 22001	419,95 €	BIB/2025/18	A36600815	FARO DE VIGO SA	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA AXENCIA LECTURA BAMIO
2026	2025 3321 22001	307,00 €	BIB/2025/18	B15162068	EDITORIAL CAPITAL, S.L.	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL (SUBSC. DIARIO AROUSA)
2026	2025 3321 22001	380,00 €	BIB/2025/18	B86754025	EPI PRENSA S.L.U.	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL (SUBSC. EL CORREO GALLEGO)
2026	2025 3321 22001	312,00 €	BIB/2025/18	A70301510	SERMOS GALIZA, S.A.	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL (SUBSC. NOS DIARIO)
2026	2025 3321 22001	456,00 €	BIB/2025/18	B85635910	EDICIONES EL PAIS, S.L.	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL
2026	2025 3321 22001	290,76 €	BIB/2025/18	A79102331	UNIDAD EDITORIAL, S.A.	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL(SUBSC. MARCA)
2026	2025 3321 22001	116,00 €	BIB/2025/18	53181515H	CARREIRO FERNANDEZ, ABRAHAM	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL (SUBSC O PAPAGAIO)
2026	2025 3321 22001	116,00 €	BIB/2025/18	53181515H	CARREIRO FERNANDEZ, ABRAHAM	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA AXENCIA LECTURA CARRIL(SUBSC O PAPAGAIO)
2026	2025 3321 22001	116,00 €	BIB/2025/18	53181515H	CARREIRO FERNANDEZ, ABRAHAM	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA AXENCIA DE LECTURA BAMIO (SUBSC O PAPAGAIO)
2026	2025 3321 22001	116,00 €	BIB/2025/18	53181515H	CARREIRO FERNANDEZ, ABRAHAM	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA AXENCIA LECTURA VILAXOAN(SUBSC O PAPAGAIO)
2026	2025 3321 22001	546,63 €	BIB/2025/18	A78874054	BAYARD REVISTAS, S.A.U	SUBSCRIPCIÓN PERIÓDICA PARA BIBLIOTECA CENTRAL E AXENCIAS (LEO LEO, CARACOLA E REPORTERO DOC)
	TOTAL	4.938,24 €				

Á vista do anterior, e de conformidade co informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación das subscricións a ditas publicacións periódicas, con cargo ó orzamento do 2026, dentro do servizo de hemeroteca da Biblioteca Central e Axencias de Lectura, con cargo á partida 3321.22001.

PRP2025/5145

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Memoria da Rede de Bibiotecas do Concello de Vilagarcía de Arousa do ano 2024, que comprende a Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro e as Axencias de Lectura de Bamio, Carril e Vilaxoán.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2025/5127

A Concellería de Cultura ten previsto organizar no ano 2026 unha nova edición do ciclo musical denominado “Achégate ao Salón”.

Este é un ciclo diferente ao que habitualmente se vén impulsando dende esta Concellería de Cultura, dado que os concertos se celebran nun horario pouco habitual, os domingos ás 12:30 h. Estes concertos contan cada día con máis adeptos. Precisamente o seu horario fomenta que participen familias completas que desfrutan e comparten este tipo de actividades culturais, polo

que se converte nun plan perfecto para os domingos pola mañá.

Os concertos programados terán prezos baratos para o público, para que tanto a mocidade como as persoas con diversas situacións económicas poidan custear a súa entrada e polo tanto desfrutar das distintas actuacións.

Estes concertos do ciclo “Achégate ao Salón” celébranse no Salón García e son os que a continuación se indican:

DÍA	CONCERTO
08-02-2026	MERINO
29-03-2026	REPION
26-04-2026	GALA Y OVIDIO

Os prezos das entradas son:

- Adultos: 12 €
- Menores 16 anos: 6 €
- Desempregados: 6 €
- Abono ciclo completo adultos: 25 €
- Abono ciclo completo menores 16 anos e desempregados: 15 €

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º). Aprobación da celebración no Salón García, dentro do ciclo “Achégate ó Salón”, unha serie de concertos, realizando a venda de entradas a través da canle Ataquilla.com e sendo a recadación para o Concello, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación. Será a cargo do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. se orixinen ou devenguen como consecuencia da celebración dos concertos.

2º) Aprobación do gasto correspondente aos cachés dos concertos programados na nova edición do ciclo "Achégate ao Salón 2026" por importe de 21.718,69 € IVE incluído con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

- Aprobación orzamento de NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES SL, correspondente aos cachés dos seguintes Concertos:

DÍA	CONCERTO	B. I.	IVE (21%)	IMPORTE TOTAL
08-02-2026	MERINO	4.581,16 €	962,04 €	5.543,20 €
29-03-2026	REPION	5.520,00 €	1.159,20 €	6.679,20 €
26-04-2026	GALA y OVIDIO	4.760,00 €	999,60 €	5.759,60 €
	TOTAL GASTO	14.861,16 €	3.120,84 €	17.982,00 €

- Aprobación do orzamento de DIEGO BASADRE BARREIRO, con DNI 78791916B, correspondente á produción técnica, por un importe total de : 3.736,69 € e que se detalla a continuación:

DÍA	CONCERTO	BASE IMPONIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL	IRPF (15%)
08-02-2026	MERINO	1.165,66 €	116,57 €	1.282,23 €	174,85 €
29-03-2026	REPION	1.065,66 €	106,57 €	1.172,23 €	169,85 €
26-04-2026	GALA y OVIDIO	1.165,66 €	116,57 €	1.282,23 €	174,85 €
	TOTAL GASTO	3.396,98 €	339,71	3.736,69 €	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2025/5138

En data 27/01/2025 a XGL adxudica o contrato menor de servizos de “Redacción de proxecto MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN RÚA AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO E ACONDICIONAMENTO DE APARCAMENTO DISUASORIO”, á Arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras (NIF 35470189A), por un importe 7.381,00 € (IVE engadido).

En data 18/12/2025 no Rexistro Xeral do Concello, presentase a terceira e última versión do proxecto técnico de “Mellora e accesibilidade na Rúa Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcamento disuasorio”, supervisado favorablemente, polo arquitecto municipal, con data 22 de decembro de 2025.

O Obxecto do proxecto técnico é dotar á Rúa, dunha maior accesibilidade para mellorar o tránsito peonil na zona obxecto de actuación e tamén incrementar o número de prazas de aparcamento de balde mediante o acondicionamento dun parking disuasorio.

O prazo de execución establecido no citado proxecto técnico e de 4 meses e o orzamento ascende a un total de 265.386,95 € (IVE incluído).

Vista o informe favorable do Arquitecto Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto, denominado "MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN RÚA AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO E ACONDICIONAMENTO DE APARCAMENTO DISUASORIO" redactado pola Arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, por un importe de licitación (IVE engadido) de 265.386,95 €.

PRP2025/5109

Dar conta á Xunta de Goberno Local do escrito de data 17 de novembro de 2025 (Rexistro de entrada 2025016914 de data 18/11/2025), asinado por D^a. Begoña Mesejo Loureiro, Directora da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, no que solicita a modificación da concesión C0037, cunha superficie de 26.380,80 m², da que é titular o Concello de Vilagarcía de Arousa.

A modificación solicitada consiste na redución da superficie da concesión municipal en 43,72m² (situados entre o edificio sito no parque Miguel Hernández e a pérgola do parque) para concesionalos como espazo complementario para o seu uso como terraza anexa á edificación sita na parcela 02_005, de 100 m² de superficie, mediante convocatoria pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa. Achegase plano coa ubicación

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar a modificación da concesión C0037, da que é titular o Concello, de Vilagarcía de Arousa, de xeito a que superficie da concesión municipal se minore en 43,72 m² (situados entre o edificio sito no parque Miguel Hernández e a pérgola do parque) para concesionalos como espazo complementario para o seu uso como terraza anexa á edificación sita na parcela 02_005. Tras dita modificación a superficie da concesión municipal pasará a ser de 26.337,08 m².
2. Comunicar á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa que deberá facerse cargo do mantemento e limpeza da superficie de 43,72 m² obxecto da minoración da concesión C0037, así como do cumprimento da Ordenanza Municipal reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras.

PRP2026/0033

Dáse conta da publicación no BOPPO de data 2 de xaneiro de 2026, das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia Municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027).

O prazo para presentar as solicitudes finaliza o día 3 de abril de 2026.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:55 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.